



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
15 XUL 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 10555

Copia

En contestación á petición de data 30 de maio con nº de rexistro 15666 referida a "información sobre que tipos de actuación leva a cabo o deputado Pérez Pérez nos procedementos de concesión de subvencións á Mancomunidade de Celanova", indícolle que os tipos de actuación leva a cabo o deputado Pablo Pérez Pérez nos procedementos, son as que figuran no decreto de delegación desta Presidencia de data 16.07.2015, así como as derivadas do seu cargo de deputado provincial e de membro da Xunta de Goberno, e como non podía ser doutro xeito, os que establece a "Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local"

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 13 de xullo de 2016

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.